

Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL**ESTRADA, A****Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS
MUNICIPAIS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2019/2020*

ANUNCIO

Mediante acordo da XGL do día 19 de agosto de 2019 aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas municipais de apoio á escolarización para o curso 2019/2020.

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS
MUNICIPAIS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2019/2020**

As axudas de apoio á escolarización dirixidas a familias en situación de dificultades socio-económicas contéplanse como unha prestación social no marco das Axudas de Emerxencia Social polo seu carácter extraordinario e finalista.

A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 60 atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais comunitarios básicos. No artigo 21 da mesma lei, recoñécense as prestacións económicas de emerxencia social e necesidade social como esenciais, dentro do sistema galego de servizos sociais, co obxectivo de paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

A finalidade da convocatoria de axudas de apoio á escolarización é establecer un réxime compensatorio de carácter xeral destinado a colectivos con carencias de carácter socioeconómico, para potenciar as condicións de igualdade no acceso ao ensino financiado con fondos públicos, e ós seus servizos, a tódalas/os nenas/os empadroados no termo municipal da Estrada, evitando desigualdades derivadas da situación económica e/ou social, e apoiando ás familias en situación de desvantaxe social e con menor poder adquisitivo, así como promover a conciliación da vida familiar e laboral, evitar situacións de risco, asegurar unha nutrición axeitada e facilitar o rendemento escolar.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

B A S E S**1.—OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria é regular o procedemento para a concesión de subvencións a familias residentes no concello da Estrada, para o financiamento dos gastos derivados da escolarización dos membros da unidade familiar para o curso 2019/2020 en centros educativos sostidos con fondos públicos, relativos a:

- Adquisición de libros de texto e material escolar curricular dos/as nenos/as matriculados/as no segundo ciclo de educación infantil
- Servizo de comedor das/os alumnas/os matriculados/as no segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

Estas axudas van dirixidas prioritariamente a menores de familias en situación de desvantaxe social e con menor poder adquisitivo.

As axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva conforme ao establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estas axudas son incompatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, sempre que o computo total das axudas concedidas non superen o custo dos libros e materiais subvencionados. No concepto de axudas ao pago de comedor escolar, o importe da subvención correspondera ao porcentaxe aplicado conforme ao criterio establecido no apartado 6.2 da convocatoria, deducidas outras subvencións.

2.—TIPOS DE AXUDAS:

- Axudas para adquisición de libros de texto e material escolar para a 2ª etapa de Educación Infantil. No concepto de material escolar inclúese todo o material preciso para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada centro educativo e as súas técnicas de aprendizaxe.
- Axudas para o pago do comedor escolar (de setembro a xuño, ambos incluídos) para alumnas/os matriculadas/os nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria obrigatoria.

3.—ORZAMENTO

O orzamento inicial ascende a 20.000 euros con cargo a partida 2310.48900 coa seguinte distribución:

- 7.000 euros para a adquisición de libros e material escolar na segunda etapa de educación infantil.
- 13.000 euros para sufragar gastos de comedor escolar dos cales:
 - 4.000 euros con cargo ao orzamento do ano 2019



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

- 9.000 euros con cargo ao orzamento do ano 2020

No suposto de que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a prioridade na concesión das axudas virá dada pola puntuación obtida, de maior a menor, trala avaliación e baremación da solicitude de acordo cos criterios establecidos no apartado 9. da, ata esgotar ó orzamento destinado a tal fin.

4.—*DESTINATARIOS:*

Serán destinatarias da convocatoria as unidades familiares empadroadas no Concello da Estrada que teñan menores ao seu cargo, escolarizados no curso académico 2019/2020 na segunda etapa de educación infantil, Educación Primaria ou Educación Secundaria nalgún centro de ensino público ou sostido con fondos públicos da Estrada.

En cada unidade familiar só un dos seus membros terá a condición de persoas beneficiaria das axudas, e poderanse conceder tantas axudas como número de menores utilicen o servizo de comedor e/ou estean matriculados na 2ª etapa de educación infantil.

Aos efectos desta convocatoria considérase unidade familiar a formada:

- Os cónxuxes ou parellas de feito , titores legais ou persoa encargada da garda e protección do menor
- Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos/as emancipados/as, e os/as fillos/as solteiros/as do/a solicitante menores de vinte e cinco anos que figuren convivindo no domicilio familiar a 31.12.2018.
- Os fillos/as maiores de idade que contén con certificación de discapacidade en grao superior o 65% ou incapacitados/as xudicialmente, suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- No suposto de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o destinatario da axuda será o/a pai/nai que teña atribuída a custodia do/a menor de acordo co convenio regulador ou sentenza xudicial. Neste suposto non se considera membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante, pero si se terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida a/o solicitante da axuda. A separación transitoria motivada por razóns de estudio, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos.

Tamén terán a consideración de membro da unidade familiar o/a fillo/a do proxenitor/a destinatario/a da axuda, que non convivan no domicilio familiar pero que o pai/nai estea a pagar unha pensión alimenticia, sempre que resulte acreditado o dito pago.

No suposto de custodia compartida inclúiranse ámbolos proxenitores dentro do computo da renda familiar.

- Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo de rendas os ingresos do agresor e a efectos de cálculo de RPC considerarase familia monoparental.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

- No suposto de acollemento familiar será de aplicación á familia de acollida os mesmos criterios.

5.—REQUISITOS

Para ser beneficiarios/as das axudas reguladas nestas Bases os/as solicitantes deberá acreditar os seguintes requisitos:

a) A unidade familiar deberá estar empadroada e ter residencia efectiva no Concello da Estrada e convivir cos menores para os que se solicita a axuda.

b) As persoas estranxeiras residentes no concello da Estrada poderán beneficiarse destas axudas sempre e cando se atopen nunha situación administrativa regular e cumpran as condicións establecidas na Lei orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, así como o contemplado no Real Decreto 557/2011 que a desenvolve, ademais de reunir os requisitos contemplados nas presentes bases.

c) Estar matriculados os/as menores no curso 2019/2020 nun centro educativo sostido con fondos públicos situado no municipio da Estrada.

d) Ter presentada a solicitude e toda a documentación no prazo e forma establecido.

e) Ter renda per cápita (en adiante RPC) en computo anual igual ou inferior a 8.390,24 euros no caso de familias monoparentais, que corresponde ao 130% do IPREM anual con 12 pagas, e de 7.099,43 euros no caso do resto das familias, que corresponde ao 110% do IPREM anual con 12 pagas.

Considéranse familias monoparentais as definidas no artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia .

Entendese por renda RPC familiar os ingresos netos da unidade familiar dividida entre o número de membros da mesma.

A renda RPC obterase pola agregación das rendas de cada un dos membros da unidade familiar (apartado 4.) que obteñan ingresos de calquera natureza ó longo do último exercicio económico.

Considéranse ingresos netos os ingresos totais da unidade familiar descontando o alugamento da vivenda ou amortización de crédito hipotecario da mesma, sen que estes superen ós 400 € mensuais.

A efectos de valoración de ingresos teranse en conta tódolos obtidos, de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas, artísticas, etc... tanto de carácter fixo como eventual.

Para a valoración de ingresos de computo anual, teranse en conta os ingresos correspondentes á declaración da renda do exercicio fiscal 2018, dividindo por 12 os mesmos para obter a media de ingresos mensuais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QXAXUX6K0UZ3SL53



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

No caso de que se produzan variacións substanciais na capacidade económica da unidade familiar en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio económico, os/as interesados/as deberán manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente o primeiro semestre de 2019.

f) Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, non ter débedas contraídas coa facenda local, autonómica e estatal.

6.—CONTÍA DA AXUDA:

Tendo en conta que estas axudas son de interese social, pola situación de dificultade económica e familiar das unidades familiares as que están dirixidas, terán a consideración de carácter especial polo que o importe da axuda poderá supoñer a totalidade do gasto nos casos de familias en situación de especial vulnerabilidade, previa valoración e proposta técnica do/as traballadores sociais de referencia.

O importe total das axudas a conceder non poderán superar a contía máxima do orzamento establecido no apartado 3.

A contía das axudas en cada unha das modalidades para o curso 2019/2020 son:

1) Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.

O importe máximo da axuda e de 100 euros por alumno/a. As axudas abonaranse en función do gasto realizado e xustificado, dando lugar, se é o caso, a unha minoración da contía inicialmente concedida.

2) Axuda para o pago do comedor escolar

Segundo a puntuación total acadada na valoración das solicitudes conforme os criterios de valoración e baremación establecidos no apartado 9. o importe da axuda para o pago de comedor escolar a conceder segundo o intervalo da puntuación acadada será o seguinte:

- De 0 a 5 puntos: 30% do gasto
- De 6 a 10 puntos: 50 % do gasto
- De 11 a 15 puntos: 75% do gasto
- De 15 a 20 puntos: 100% do gasto

O importe da subvención a pagar será a porcentaxe que corresponda sobre o gasto xustificado, deducido o importe de outras axudas ou/outras subvencións recibidas.

7.—PUBLICIDADE, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A.—Publicidade

A publicación das Bases da convocatoria realizarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na paxina web www.aestrada.gal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

B.—Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra e permanecerá aberto ata o 13 de setembro de 2019.

C.—Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes, acompañadas da documentación acreditativa de cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar a situación socio-familiar, poderán presentarse:

- No Rexistro xeral de entrada do Concello da Estrada, en horario de atención ao público,
- A través da sede electrónica do Concello <https://aestrada.sedelectronica.gal>.
- Por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante PAC).

No caso de enviarse por correo postal ao Rexistro do Concello, o envío deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro municipal, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

As solicitudes formalizaranse no impreso normalizado (Anexo I) e presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante, pasaporte ou NIE vixente.
- 2) Fotocopia do Libro de Familia completo ou documento oficial acreditativo dos membros da unidade familiar coa súa data de nacemento.
- 3) Xustificación da situación económica e laboral correspondente ó último exercicio económico de tódolos membros da unidade familiar a través dos seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas:
 - a) Certificación de datos fiscais do último exercicio económico de tódolos membros computables da unidade familiar, ou certificación negativa, expedida pola Axencia Tributaria. (*)
 - b) certificación do INEM sobre prestacións por desemprego (*)
 - c) certificacións de pensións en calquera modalidade, tanto de España coma do estranxeiro.
 - d) Convenio regulador e documentos xustificativos das achegas económicas actualizadas, nos supostos de separación ou divorcio.
 - e) Informe de vida laboral completo e actualizado de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos emitido pola Tesourería da seguridade social, ou certificación negativa. (*)

Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

f) No suposto de membros da unidade de convivencia en situación de desemprego, copia cotexada da tarxeta de demandante de emprego cunha antigüidade mínima de un mes anterior á data da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

g) No suposto de traballadores autónomos: copia cotexada dos xustificantes das cotizacións á seguridade social e acreditación de ingresos no último exercicio económico. No suposto que a acreditación de ingresos sexa inferior a base de cotización teranse en conta como ingresos mínimos mensuais ós da base de cotización á Seguridade Social.

h) Outras prestacións: certificados emitidos polas administracións correspondentes (Xunta, Seguridade Social, etc.) relativos a calquera outra prestación (prestación por fillo a cargo, pensións non contributivas, salario da liberdade, etc...) (*)

4) Acreditación da situación familiar:

a) No suposto de separación e divorcio: copias da sentenza e do convenio regulador, e xustificantes bancarios das aportacións económicas establecidas na dita sentenza e actualizadas.

b) No suposto de parellas de feito separadas con fillos recoñecidos no Libro de familia ou documento análogo: copia da sentenza de asignación de garda e custodia e alimentos así como xustificantes das aportacións económicas establecidas na dita sentenza e actualizadas. De non aportarse ditos documentos entenderase que non existe separación de feito polo que ámbolos dous proxenitores deberán presentar tódolos documentos laborais e económicos esixibles para os membros da unidade familiar.

c) En situacións de impago dos supostos 4.a) e 4.b), presentarase copia da solicitude de execución de sentenxa presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. De non presentar a dita documentación considerarase que a contía das pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente se esta a percibir, computando esas cantidades como ingresos efectivos.

d) No suposto de menores en situación de garda e custodia compartida: xustificantes de ingresos de ámbolos dous proxenitores.

e) No suposto de acollemento dos/as menores por resolución administrativa ou auto xudicial: copia do certificado do organismo competente e no seu caso a contía da remuneración que se perciba.

f) Outras situacións: serán valoradas polo/ traballador social de referencia.

5) No caso de solicitar axuda a comedor escolar, e a efectos de valorar a prioridade de concesión por motivo de conciliación, acreditación da ocupación da persoa solicitante e da persoa cónxuxe ou parella.

6) Xustificante da matrícula en calquera dos centros de ensino público ou privado concertado da Estrada.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

7) Xustificante da reserva de praza no servizo de comedor escolar, ou certificación da ANPA (anexo IV.1) ou centro educativo (anexo IV.2), de ter reservada praza para o servizo de comedor no curso escolar 2019/2020 indicando o nome e CIF da empresa prestadora do servizo no caso de xestión indirecta, o número de meses de servizo de comedor no que figura inscrito e o orzamento estimado do custe do servizo ao longo do curso.

8) Xustificación, no seu caso, dos gastos de aluguer de vivenda ou amortización de préstamo bancario para adquisición da mesma correspondente ó ano 2018.

9) Fotocopia da certificación do grado de discapacidade e/ou dependencia dos membros da unidade familiar recoñecidos como tales. (*)

10) Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coa seguridade social. (*)

11) Declaración de outras axudas (Anexo III), tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para a mesma finalidade, de calquera organismo público ou privado.

12) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, sinaladas no artigo 13 da lei de subvencións, segundo modelo (Anexo II).

13) Nos casos que proceda, delegación de pagamento a favor da empresa prestadora do servizo de comedor.

14) Calquera outro documento requirido polo/as traballador/ras sociais de zona para a valoración da solicitude.

Os documentos que figuren en idioma distinto aos idiomas oficiais na comunidade autónoma de Galicia deberán ir acompañados de tradución oficial dos ditos documentos.

As fotocopias de documentos, deberanse presentar cotexados ou achegar o documento orixinal para o seu cotexo.

A documentación marcada con (*) presentarase sempre e cando non poida ser obtida polo Concello da Estrada, coa autorización das persoas solicitantes.

8.—PROCEDIMENTO E SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle a Unidade de Traballo Social do Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo así, terase por desistido da súa petición.

Cando non sexa posible achegar a documentación requirida por razóns alleas á persoa solicitante, poderá presentarse declaración responsable, sendo esta circunstancia obxecto de valoración polos servizos sociais municipais, debendo presentar a documentación requirida por rexistro de entrada a maior brevidade. En ningún caso esta declaración responsable substituirá a documentos de obrigada presentación que deberán obrar en poder dos/as solicitantes.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

9.—CRITERIOS DE AVALIACIÓN E BAREMO

A baremación das solicitudes ten por obxecto establecer unha orde de prioridade na concesión das axudas a tenor da maior necesidade estimada mediante o outorgamento dunha puntuación a cada unha das solicitudes en razón directa ó grado de necesidade estimado, mediante a avaliación acumulada dos seguintes factores:

A.—Situación económica.

B.—Avaliación da situación socio-familiar

C.—Avaliación da necesidade de conciliación laboral e familia.

Para a resolución das solicitudes é preceptivo a emisión do informe social, por parte do/as traballador/as sociais de zona, onde quede avaliada a situación e baremado cada un dos expedientes en base as seguintes variables e criterios:

a) AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA:

Para a ponderación da situación económica tomarase como referencia o importe máximo anual de ingresos per cápita conforme ao indicado na base 5.e).

Entendese por renda RPC familiar os ingresos netos da unidade familiar dividida entre o número de membros da mesma, nos termos contemplados no apartado 5.e).

A puntuación a aplicar en función da renda per cápita anual da unidade familiar é a seguinte:

RPC anual	RPC media mensual 1º semestre 2019 (excepcional)	Puntuación
Ata 1920,09 euros puntos	Ata 160,01 euros	10
De 1920,10 a 3072,14 euros	De 160,02 a 256,01 euros	8 puntos
De 3072,15 a 4224,19 euros	De 256,02 a 352,02 euros	6 puntos
De 4224,20 a 5376,25 euros	De 352,03 a 448,02 euros	4 puntos
De 5376,26 a 6912,32 euros	De 448,03 a 576,03 euros	2 puntos
Máis de 6912,32 euros	Máis de 576,03 euros	0 puntos

b) AVALIACIÓN DA SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias subxectivas na unidade familiar, que deben ser valoradas por canto poidan incidir no grao de necesidades. A puntuación máxima deste apartado e de 9 puntos.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

O baremo para valorar as circunstancias concorrentes e/ou simultáneas é o seguinte:

1.—Familias incluídas no Programa de Apoio ás Familias no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios básicos: 1 punto.

2.—Familias beneficiarios da RISGA e/ ou axudas de Emerxencia Social: 1 punto.

3.—Familias nas que algún/s membro/s teña unha discapacidade con grao igual ou superior ao 65%, ou estea valorado como dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro: 1 punto.

4.—Familias monoparentais: 1 punto.

5.—Familia en risco de exclusión social: 2 puntos

6.—Situación de violencia de xénero ou de violencia no ámbito familiar: 2 puntos.

7.—Familias numerosas: 1 punto.

c) AVALIACIÓN DA NECESIDADE DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL:

Na modalidade de axudas para o pago do comedor escolar avaliarase a necesidade de conciliación da vida familiar e laboral, debidamente xustificada coa documentación aportada xunto coa solicitude, con 1 punto.

No suposto de que o número de axudas solicitadas que reúnan os requisitos esixidos supera o importe destinado ás mesmas, darase prioridades ás daquelas solicitudes que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo. No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a seguinte prioridade:

- Maior número de beneficiarios por solicitante, tendo preferencia as solicitudes para dous ou mais menores beneficiarios.
- Maior puntuación no apartado 9. a) correspondente a avaliación da situación económica

10.—PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN, E RESOLUCIÓN

O/as traballador/as sociais de referencia comprobarán o cumprimento dos requisitos e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude conforme o establecido na base 8, avaliarán as solicitudes de conformidade aos criterios de valoración que se determinan na base 9 e emitirán informe de valoración en base a documentación presentada e os datos que consten no expediente familiar.

A xefa da Unidade de Traballo Social do Departamento de Servizos Sociais emitira informe técnico individual do procedemento con proposta de resolución de concesión ou desestimación, facendo constar apelidos e nome da persoa solicitante, número de expediente, número e tipo de axudas que se solicitan, importe do gasto estimado conforme ao orzamento presentado, puntuación obtida e proposta de resolución que proceda para cada tipo de axuda solicitada.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

A Xunta de Goberno Local adoptara a resolución en base a proposta presentada pola concelleira de Benestar Social, Igualdade e Educación.

11.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

Tendo en conta a tipoloxía das axudas a conceder, a xustificación e a forma de pagamento en cada unha das modalidades será a seguinte:

1.—Axudas para adquisición de libros de texto e material escolar: abonarase o importe concedido despois da presentación de factura por parte da persoa beneficiaria. A factura do gasto deberá ser emitida cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003, e figurará a nome do/a solicitante da axuda. As facturas presentaranse por rexistro de entrada do concello ou a través da sede electrónica dentro dos 10 días seguintes a data de recepción da resolución de concesión da axuda.

2.—Axudas para o pago do comedor escolar: O pago da axuda de comedor escolar abonarase en 3 prazos:

1º prazo correspondente ao gasto xustificado do servizo de comedor correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro de 2019, despois da presentación, antes do 10 de decembro das facturas orixinais correspondentes aos meses sinalados e o correspondente xustificante bancario das mensualidades facturadas.

2º prazo correspondente ao gasto xustificado do servizo de comedor correspondente ao mes de decembro de 2019 e os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2020, despois da presentación, antes do 10 de abril do mesmo ano, das facturas orixinais correspondentes aos meses sinalados e o correspondente xustificante bancario das mensualidades facturadas.

3º prazo correspondente ao gasto xustificado do servizo de comedor correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2020, despois da presentación, antes do 10 de xullo do mesmo ano, das facturas orixinais correspondentes aos meses sinalados e o correspondente xustificante bancario das mensualidades facturadas.

As factura presentadas deberán ser documentos orixinais, estar asinadas e seladas, figurar a nome da persoa solicitante da axuda, indicar o/a menor beneficiario/a, nº de menús mes, o prezo/ menú e o importe da factura do período a cobro co desglose de IVE. Presentarase xunto coas facturas o documento orixinal ou copia cotexada dos xustificantes bancarios de pago das mensualidades facturadas.

En calquera das modalidades presentarase ademais, xunto coas facturas de gasto, (na modalidade de axudas para o pago do comedor escolar presentarase coa primeira factura xustificativa) a seguinte documentación:

- Certificación da conta bancaria a nome do/a solicitante da axuda no que conste o código de conta do cliente.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

- Declaración de outras axudas para a mesma finalidade, de calquera organismo público ou privado (Anexo III), tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.
- No caso das axudas para o pago do comedor escolar, declaración da persoa solicitante de que non consta con financiamento do servizo de comedor tramitado a través da ANPA e compromiso de comunicación ao concello de calquera financiamento que se sexa concedido con posterioridade para o servizo de comedor escolar para o curso 2019/2020.

12.—RECURSOS:

As Bases de convocatoria e cantos actos administrativos delas se deriven poderán ser impugnados polos interesados na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Contra a resolución adoptada na execución das presentes bases, poderase interpor recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes dende a recepción da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nesa caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses.

13.—PROTECCIÓN DE DATOS:

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos que se faciliten na participación do procedemento serán incorporados en un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello da Estrada, con domicilio na Praza da Constitución núm.1- A Estrada – Pontevedra, onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se fose o caso, o de oposición.

Coa presentación de solicitude para participar no procedemento os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación do dito procedemento.

14.—REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos solicitantes suporá a devolución da axuda no caso de tela percibida e implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de dous anos.

En todo aquilo non previsto nas Bases da convocatoria, será de aplicación as normas básicas de Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez e réxime de reintegro das subvencións, réxime de infraccións e sancións en materia de subvención.



Venres, 23 de agosto de 2019

Núm. 161

ANEXOS

O contido destas bases e os anexos expóranse na páxina web do concello da Estrada www.aestrada.gal e na sede electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal>

A Estrada, 20 de agosto de 2019

A Concelleira delegada de Benestar Social

Dna. Amalia Goldar Cora

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QXAXUX6K0UZ3SL53

